



CAMPIONATO GALEGO DE VÓLEI NEVE SÉNIOR DE CLUBS

Normas específicas de Competición

Temporada 2023-2024

1.- ORGANIZACIÓN

1.1.- A Organización do Campionato Galego de Vólei Neve Sénior (CGVN) masculino e feminino de Clubs corresponde a FGVb.

1.2.- A FGVb poderá ceder a produción e explotación comercial do Campionato a un organizador/promotor.

1.3.- O CGVN disputarase seguindo a normativa da FGVb, as presentes Normas Específicas de Competición e as Regras Internacionais de Xogo de Vólei Neve (FIVb).

1.4.- A FGVb, nas datas previas o campionato, comunicará unhas normas particulares nas que se establecerán detalladamente todos os aspectos que deben ser coñecidos polos participantes.

2.- DATAS DE CELEBRACIÓN

A Competición masculina e feminina disputaranse de forma conxunta. A FGVb indicará na convocatoria a data e lugar de celebración.

3.- PARTICIPANTES

A FGVb organizará o CGVN Sénior, tanto en masculino como en feminino, nunha proba única, coa participación de un máximo de 12 equipos por categoría e un mínimo de 4 equipos.

Os criterios para a admisión dos equipos ata completar as doce (12) prazas será o seguinte:

1. Equipos designados pola entidade organizadora (1 equipo por categoría).
2. Equipos que se pre-inscriban directamente na FGVb. No caso de que as propostas superen o cupo de prazas dispoñibles, a preferencia estará determinada pola data e hora de entrada da pre-inscrición na FGVb.
3. No caso de que un Club inscriba a mais de un equipo, o segundo equipo e posteriores serán incluídos unha vez todos os Clubs teñan garantida a súa presenza, e completando o total de equipos inscritos seguindo o criterio do punto 2.

Si unha vez finalizado o proceso anterior quedasen prazas libres, a FGVb reservase o dereito a invitar a cantos equipos sexan necesarios para completar os cadros de competición.

4.- PROCEDEMENTO DE INSCRICIÓN

Na Circular de convocatoria do CGVN, a FGVb informará os Clubs o prazo para pre-inscribirse na competición. Aplicando a orde de preferencia dos equipos inscritos segundo o punto 3 desta normativa, notificarase os interesados admitidos para inscribirse na competición. Con respecto os demais equipos, elaborarse unha lista de espera por si algún dos admitidos non realizase todos os trámites da inscrición en forma e prazo establecidos.



Para realizar a inscrición, os Clubs terán que remitir por correo electrónico (correo@volei.gal) o documento FGVN-01 – Solicitud de inscrición – (dispoñible no apartado descargas da web da FGVb www.volei.gal) debidamente cumprimentado ou o sistema de rexistro online no caso de habilitarse un (será obrigatorio usar o sistema online si se habilita para a inscrición). Axuntaran tamén o xustificante do pagamento de 40€ como cota de inscrición, na conta:

Banco de Sabadell ES71 0081 0499 6400 0137 8440.

5.- PROCEDEMENTO DE INSCRICIÓN

O boletín de inscrición de participantes deberá ir cuberto con catro deportistas e un adestrador (opcional), que deberá ter a titulación de Adestrador de Voleibol ou de Vólei praia rexistrada na FGVb ou na RFEVb.

Admitirase a inscrición de xogadores de categoría xuvenil e cadete sempre e cando teñan tramitada súa licenza na FGVb e, de ser o caso, a Autorización para competición superior, dentro dos prazos establecidos.

A ausencia de datos no boletín de inscrición dos participantes ou a súa modificación posterior poderá ter a sanción de ata 30€. A non presentación do mesmo ou a presentación fora de prazo poderá supor, ademais dunha sanción de ata 90€, a exclusión da competición.

Os equipos poderán cambiar libremente a súa composición antes do CGVN, sempre que todos os seus integrantes cumpra co indicado nestas normas. Unha vez feita a comprobación da documentación antes do CGVN, non se admitiran mais modificacións.

A retirada dun equipo, efectuada *a posteriori* da publicación do cadro de competición, levará aparellada unha penalización de 200€ para o Club representado ademais da perda do abono en concepto de inscrición.

6.- LICENZAS

Todos os xogadores, adestradores e auxiliares que participen no CGVN Sénior de Clubs, deberán dispor de licenza (de Vólei Neve, Voleibol ou vólei praia), expedida pola súa Federación Autónoma. Esta licenza poderá ser por un Club diferente a aquel que os inscribe sempre e cando conste por inscrito a autorización a participar no Campionato polo outro Club e co visto bo da Federación.

Comprobada a concorrencia de todos os requisitos de participación e inscrición, a FGVb emitirá unha Autorización Federativa para cada equipo participante, sendo esta o único documento válido para participar na competición. Non poderá participar no Campionato ningún deportista non incluído en dita autorización.

Cada equipo deberá presentar en cada encontro a Autorización Federativa emitida pola FGVb.

7.- COMPETICIÓN

7.1 SISTEMA

Todos os encontros disputaranse seguindo as Regras Internacionais de xogo (FIVb). Os encontros disputaranse o mellor de 3 sets xogados a 15 puntos, co sistema de acción-punto, e con diferenza ilimitada de dous puntos.

O CGVN disputarase en un Cadro Final de 12 equipos. En calquera caso, o sistema de competición poderá modificarse no caso de que o número de inscritos sexa menor o previsto.

7.2 COLOCACIÓN DOS EQUIPOS NO CADRO DE COMPETICIÓN

Aos Clubs participantes asignaráselles un seeding conforme a clasificación dos mesmos nas ligas 2020-2021 de Voleibol. No caso dos Clubs que so militan en praia, serán colocados atendendo a suma de puntos dos xogadores inscritos, pero despois dos equipos con clasificación en pista.

7.3 ADESTRADOR

Autorízase a presenza dun adestrador en pista, sempre sentado na cadeira durante o encontro, que está autorizado a solicitar os Tempos Mortos conforme o regulamento (1 tempo por set e equipo). Poderá intervir durante o encontro dando instrucións e ánimos os seus xogadores, salvo cando o balón estea en xogo. As súas intervencións co balón en xogo, as queixas ou protestas ao árbitro e dirixirse os membros do equipo contrario (incluído adestrador) de calquera forma, terán como sanción o cartón amarelo a primeira vez (amoestación) e cartón vermello a segunda e sucesivas (un punto e saque para o equipo rival). Estas sancións serán impostas directamente polo árbitro. O árbitro tamén poderá expulsalo da pista. EN este caso, non poderá volver a entrar na pista durante o resto do campionato, quedando as súas funcións en mans do Capitán do equipo.

Os adestradores deberán cambiar de banquillo nos cambios de campo dos seus equipos.

O adestrador deberá rexistrarse na Acta do encontro e non poderá actuar en mais de un encontro a vez.

O adestrador deberá estar en posesión do título de adestrador de voleibol ou Vólei praia de Nivel I, ter tramitada a licenza e a autorización federativa.

8.- CONDICIÓN METEOROLÓXICAS ADVERSAS

O Director de Competición e/ou o Delegado Federativo tomarán as medidas precisas para protexer a saúde e o benestar físico dos participantes no caso de que durante a proba se deran condicións meteorolóxicas adversas que puideran poñelos en perigo.

As medidas poderán consistir en calquera modificación das normativas aplicables ó Campionato e tenderán a posibilitar a confección dunha clasificación final aínda cando o Campionato non remate.

9.- TÍTULOS, PREMIOS E TROFEOS

O CGVN Sénior outorgará o título de Campión Galego de Vólei Neve de categoría Sénior, masculina e feminina.

Recibirán trofeo e/ou medallas os 2 mellores equipos clasificados.

10.- OBRIGAS XERAIS

10.1 REUNIÓN TÉCNICA

Antes de comezar a Competición, en horario e lugar establecido de antemán mediante comunicado, poderá ter lugar unha reunión técnica que será obrigatoria para os delegados ou capitáns dos equipos participantes. En esta reunión acreditarán ós integrantes dos equipos (deportistas, adestradores, auxiliares...) faranse os sorteos e supervisarse/entregarase as equipacións. A non asistencia a unha reunión técnica sen autorización previa poderá supor a expulsión do equipo e/ou sanción de ata 100€ por non comparecencia. De non convocarse unha Reunión Técnica, os equipos pasarán dita inspección ante o Director da Competición o menos unha hora antes do inicio da súa participación no Campionato.

Da convocatoria da Reunión Técnica informarase os equipos nas normas particulares da competición.

10.2 RETRASOS E OUTROS IMPREVISTOS

No caso de problemas sobrevidos para presentar a tempo a competición, os responsables dos equipos deberán contactar de inmediato co Director da Competición, que tomará as medidas oportunas para o mellor desenrolo do evento.

10.3 PUNTUALIDADE

Salvo decisión contraria do Director da Competición, unha vez transcorridos 5 minutos da hora sinalada para o comezo dun encontro (saúdo), considerarase non presentado o equipo que non estivera listo para xogar na pista de xogo.

10.4 INDUMENTARIA

Os xogadores poderán usar roupa térmica e calzado antideslizante (incluídas botas con tacos) co único requisito de que se garde certa uniformidade en cada equipo. Sobre a roupa, deberán levar unha camiseta ou peto da mesma cor identificativa do equipo en liña coa imaxe do voleibol.

A FGVb poderá entregar camisetas ou petos propios que deberán utilizarse obrigatoriamente.

11.- INCORRECCIÓNS DURANTE O CAMPIONATO E PENALIZACIÓNS

No referente as medidas disciplinarias por conductas ou circunstancias producidas durante os encontros e comunicadas oficialmente polos árbitros, aplicarase con carácter supletorio o indicado no Regulamento Disciplinario para as competicións de voleibol.

A concorrencia de estas conductas serán documentadas polo Departamento de Competición da FGVb, e darase traslado do pertinente informe escrito ó Comité de Competición da FGVb. Contra estas decisións este órgano cabe recurso ante o Comité de Apelación da FGVb.

12.- OUTROS

O balón de xogo oficial é o modelo Mikasa Snow Volley. Cada equipo deberá levar os seus propios balóns de quecemento.

- Altura da rede: Masculino 2,43m; Feminino 2,24m.
- Dimensións do campo: 8x8m.
- Todos os desprazamentos precisos para a disputa da competición serán por conta de cada equipo participante, así como os gastos de aloxamento e manutención de todos os seus compoñentes, salvo que expresamente se indica o contrario.

